

## FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

<b>Lugar da proba:</b>		<b>Data:</b>		<b>Nivel:</b>	<b>CELGA 3</b>
------------------------	--	--------------	--	---------------	----------------

### DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

<b>Apelidos e nome:</b>					
<b>DNI / NIE / Pasaporte:</b>			<b>Nacionalidade:</b>		
<b>Data de nacemento:</b>	___ / ___ / _____		<b>Sexo:</b>	Home <input type="checkbox"/>	Muller <input type="checkbox"/>
<b>Lugar de nacemento:</b>	<input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía				
<b>Lugar de residencia:</b>	<input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea				
<b>Tipo de estudos cursados:</b>	<input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

### INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lea detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empregue bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúese á tarefa que se lle pide.
- Axústese ao número de palabras que se lle pide. Valorarase negativamente que non chegue a ese número de palabras ou que se exceda demasiado.
- Non se lle proporcionará outro caderno de exame.
- Debe empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilice o seu nome real no texto da proba nin marque o exame con ningún sinal (por exemplo, non use típex).
- Terá que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.



# Celga



# 3






## Proba A1

Vostede traballa nunha empresa dedicada ás infraestruturas. A súa xefa quere facer unha viaxe de empresa para todos os empregados. O destino debe ser algún lugar de Galicia. Encárgalle a vostede que busque o destino máis axeitado, onde, amais de traballar, poidan tamén realizar algunha actividade de ocio. Logo de ver a reportaxe sobre o termalismo de Ourense, decide que esa será a súa proposta. Nun **informe** para a súa xefa, en **300 palabras**, vostede ten que:

- Indicarlle cal é a súa proposta e por que lle parece interesante.
- Explicarlle a orixe e a importancia do termalismo de Ourense.
- Sintetizar as reformas que se fixeron para explotar turisticamente as termas.
- Argumentar a favor dos efectos beneficiosos que as augas termais terían sobre o grupo de traballo.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section of the exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the 'PROBA A1' section.

## Proba A2

Un compañeiro de traballo xubilase e deciden entre todos regalarlle un sistema de “mans libres” para o coche. Xuntaron 150 euros. Non teñen moita información ao respecto e pídenlle a vostede axuda para escollelo. Navegando pola internet, atopou o seguinte artigo e, logo de lelo, decide escribirlles unha **mensaxe electrónica** aos demais. No seu texto, de **300 palabras**, ten que:

- Comentarlles o contido do artigo e citar a súa fonte.
- Indicarlles os modelos comparados no artigo, que aspectos se analizaron e de que xeito.
- Suxerirlles un dos modelos para o regalo e xustificalo, explicándolles as vantaxes que ten sobre os demais.
- Propoñerlles que se pode facer cos cartos que sobran e suxerirlles cando e como se entrega o regalo.

### Sistemas “mans libres”: iguais ou diferentes?

A Lei de tráfico só admite falar polo móbil mentres se conduce mediante un sistema "mans libres" que, grazas á tecnoloxía sen fíos, lles permite aos automobilistas seguiren conducindo mentres contestan ou realizan unha chamada telefónica.

Un equipo de investigación analizou seis destes sistemas, que custan dende 60,40 € (ML-1) ata 104 € (ML-3). Dousdeles, ML-2 e ML-4, requiren dun especialista para seren instalados, co que o seu prezo final aumenta, pero, a cambio, achegan dúas vantaxes: ao iren conectados ao equipo de son, silénciano cada vez que entra unha chamada. A outra vantaxe é que toman a enerxía directamente da batería do coche, polo que nunca cómpre recargalos.



#### Adicionais

Todos ofrecen son sen fíos, axuste de volume, función rechamada e marcación por voz. Ademais, os modelos ML-4, ML-5 e ML-6, que custan 80 €, anuncian o nome da persoa que chama e permiten gravar contactos. O ML-2 custa 90 € e reúne tres características moi importantes: pode estar conectado simultaneamente a un teléfono móbil e a un reprodutor de música, permite silenciar o micrófono e dispón tanto do modo chamada en espera como da posibilidade de realizar unha chamada a tres. O ML-3 tamén ofrece a posibilidade de silenciar o micrófono e conta con modo discreto, é dicir, permite pasar do mans libres ao teléfono e viceversa.

Os mans libres con instalación teñen a botoeira máis pequena, miden menos e son máis lixeiros. Dos catro sen instalación, o modelo máis grande é o ML-5. Entre os seis analizados, o que menos pesa é o ML-4 (33 g), mentres que ML-6 é o máis pesado (108 g).

## Resistencia

Para comprobar que os mans libres tiñan un marcado duradeiro e lexible, fregouse o marcado de cada un deles durante 15 segundos cun anaco de tea enchoupada en auga e, deseguido, durante outros 15 segundos con alcohol de petróleo. O marcado do ML-5 borrouse; os outros superaron a proba.

Todos os aparellos cumprían coas especificacións da norma en materia de construción e de illamento. Ao provocar cortocircuitos nas baterías, cambiándolles a polaridade, os seis modelos comportáronse de xeito seguro. Ademais, aplicáronse dez descargas electrostáticas en distintos puntos dos dispositivos para avaliar a súa resistencia e ningún se estragou ou deixou de traballar. A pantalla do ML-2 mudou de cor durante a descarga e o botón superior dereito (con luz verde) apagouse, pero mantívose o Bluetooth en todo momento. Os sistemas mans libres demostraron resistencia a golpes, ao superaren sen problemas 100 caídas consecutivas nun tambor de volteo, agás o ML-3 (abríuselle a tapa e perdeu a batería). Finalmente, para comprobar a súa resposta ante a baixada de tensión da batería que se produce cando se arranca o coche, os equipos sometéronse a unha proba de pulso transitorio, baixando a tensión durante un tempo prefixado. Todos os equipos a superaron.

## Aptitude ao uso


Á hora de decidírmonos por un sistema de mans libres tamén é importante sabermos como vai avellentar, que calidade sonora ofrece ou cal é o radio máximo de alcance ao que o Bluetooth deixa de funcionar. Para comprobar este último extremo, realizáronse probas cun teléfono móbil e determinouse que o ML-1 tiña maior alcance có resto (244 metros), seguido do ML-5 (227 metros). O de menos alcance foi o ML-2 (120 metros). O ML-1 tamén pode presumir do altofalante con maior presión sonora.

Para observar como avellentan estes dispositivos, introducíronse nunha cámara de luz ultravioleta e foron sometidos a fortes doses de radiación UVA/UVB. A excepción do ML-3 e do ML-1, os demais aparellos sufriron danos de diversa consideración. Tamén se avaliou a resistencia dos botóns, sometendo os equipos a 5000 ciclos de colgar e descolgar cunha forza de 10 newtons. Todos superaron a proba, salvo o ML-3, cuxos botóns se afundiron cando se premeron cunha forza de 50 newtons.

## Conclusións

Oito usuarios probaron todos os dispositivos e valoraron varios aspectos relacionados co uso, como o deseño exterior e o equipamento. Polo xeral, consideraron que todos son cómodos e doados de utilizar, pero preferiron os de menores dimensións. Respecto do mellor son, votaron unanimemente aos que se conectaban directamente ao equipo do coche.

Texto adaptado da revista *Eroski Consumer*




ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying the majority of the page. It is intended for the student to write their answers for the A2 exam.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page below the header. It is intended for the student to write their answers for the A2 exam.



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

A large, empty rectangular box with a thin black border, occupying most of the page. It is intended for the student to write their answers for the A2 exam.